



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatetismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatetismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



CIRCULAR LU07/2016 - MODIFICADO

- Aos atletas, adestradores e clubs

II TROFEO NADAL VERXEL INDOOR

17 de decembro do 2.016

O club Verxel Nutrición Deportiva organiza **II Trofeo Nadal Verxel Indoor**, o **SABADO 17** de decembro, en xornada de tarde, en Lugo no *Módulo Cuberto do Estadio Gregorio Pérez Rivera*, coa colaboración da Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2016/17) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

Art. 2. As inscricións terán un custo de 2€ por atleta, **cobrarase no momento da retirada do dorsal**.

Art. 3. As inscricións faránse a través da extranet da RFEA: (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do martes anterior a celebración da proba. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 4. O acceso ao módulo será restrinxido, existindo cámara de chamadas. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un e-mail a clubverxel@gmail.com antes do xoves 15 para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.

Art. 5. Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 6. No salto de lonxitude, se o número de participantes é 14 ou menos faranse 3 saltos máis dous de mellora, se son máis de 14, todos os participantes farán 4 saltos. A táboa de batida estará situada a 3 m.

Art. 7. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata 60 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 8. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 9. Ao gañador de cada final entregaráselle un agasallo. Tamén á mellor marca, tanto de homes como de mulleres, segundo a táboa da IAAF, faráselle entrega por cortesía de TORRE DE NÚÑEZ dun lote de embutidos IMPERIAL.

Art. 10. O horario é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
Salto de Altura	16:00	
Salto de Lonxitude (8 mejores)		Salto de Lonxitude (8 mejores)
60 m.v. (1,06 m)		
60 m.v. (0,99 m)	16:05	
60 m.v. (0,91 m) xuvenil	16:10	
60 m.v. (0,91 m) cadete	16:15	
	16:20	60 m.v. (0,84 m)
	16:25	60 m.v. (0,76 m)
60 m.l.(series)	16:50	
Salto de Lonxitude	17:15	
	18:00	Salto de Altura
		60 m.l.(series)
	18:45	Salto de Lonxitude
60 m.l. – FINAL - C	19:25	
60 m.l. – FINAL - B	19:30	
60 m.l. – FINAL - A	19:35	
	19:40	60 m.l. – FINAL - C
	19:45	60 m.l. – FINAL - B
	19:50	60 m.l. – FINAL - A
Relevo 4X50 vallas 0.91	20:00	
	20:05	
	20:10	Relevo 4X50 vallas 0.76
Relevo 4x50m	20:20	
	20:30	Relevo 4x50m

Art. 11. FINALES DO 60 M.L. Clasificaranse para a final as 18 mellores marcas das series previas.



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatetismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 12. Relevos.

Nesta proba non haberá premios para os gañadores xa que e de carácter lúdico.

No relevo poderán participar atletas de diferentes clubs.

Para inscribirse deberán enviar un correo cos integrantes do equipo ao enderezo clubverxel@gmail.com antes do martes anterior a proba. Coa inscrición deberán enviar as mellores marcas do 60ml ou 60mv dos atletas participantes no relevo.

Cada equipo terá dúas rúas, unha de ida e outra de volta, e terán que usar tacos de saída.

No relevo de 4X50ml participarán os 6 mellores equipos homes e mulleres.

No relevo de 4x50mv participarán os 3 mellores equipos homes e mulleres.

Art. 13. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 30 de novembro do 2016

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo

COLABORAN:

